

**Expediente núm.:** 325/2024

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

## **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Vista a necesidade urxente e inaprazable da contratación laboral temporal de UN (1) traballador/a desempregado/a para a realización da obra/servizo denominado/a "PEÓN FORESTAL E SILVICULTURA" proxecto de Obra ou Servizo relacionado ca Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G). (DOG nº 17, do 24 de xaneiro de 2024), para a realización de tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes ou outras tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa, cos obxectivos de cumprimento da devandita lei, protexendo o medio rural contra os incendios, garantir a función social dos montes vinculada á produción de recursos naturais e servizos ambientais (produción forestal, gandería extensiva...) e co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral e máis de acadar un correcto funcionamento no desenvolvemento de servizos do Concello, durante 9 MESES.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 2024-0409, do 19 de xullo, convocouse o proceso selectivo para a contratación laboral temporal a tempo completo de UN traballador/a desempregado/a para a realización da obra/servizo denominado/a "PEÓN FORESTAL E SILVICULTURA".

Vista a oferta de emprego realizada, en data 07.08.2024 polo concello de A Merca a Oficina do Servizo Público de Emprego de Celanova, para cubrir o posto de "PEÓN FORESTAL E SILVICULTURA", de conformidade co establecido no punto terceiro das bases de contratación.

Visto o formulario de selección achegado polo Servizo Público de Emprego en data 08 de agosto, con número de rexistro de entrada 2024-E-RC-884, no cal nos remiten a relación de candidatos que se axustan ao perfil profesional de UN (1) traballador/a desempregado/a para a realización da obra/servizo denominado/a "PEÓN FORESTAL E SILVICULTURA"

Vista a proposta realizada polo Tribunal Cualificador do proceso selectivo, para a formalización de contratos laborais aos seguintes candidatos/as:

<b>Identidade do/a Aspirante</b>	<b>DNI</b>	<b>Puntos Obtidos</b>
PEREIRA CARPINTERO JUAN JOSE	**97517**	4,30

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 33 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos



Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, esta Alcaldía

**R E S O L V E**

**PRIMEIRO.** Aprobar a proposta do Tribunal e seleccionar ós/ás seguintes candidatos/as para a cobertura de UN (1) posto de “PEÓNS FORESTAIS E SILVICULTURA”, ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023:

<b>Identidade do/a Aspirante</b>	<b>DNI</b>
PEREIRA CARPINTERO JUAN JOSE	**97517**

**SEGUNDO.**- Aprobar a lista de aspirantes que integran a bolsa de traballo co seguinte orde de prelación:

<b>ORDE</b>	<b>CANDIDATOS/AS</b>
1º	CONDE MERA, MARÍA DEL CARMEN
2º	FEIJOO FEIJOO, ANTONIO
3º	FERNÁNDEZ LÓPEZ, JULIA
4º	TORRES FIDALGO, JOSÉ ANTONIO

**TERCEIRO.**- Formalizar os contratos de traballo de conformidade coa Disposición Adicional Novena da Ley de Empleo (Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro) - Contratos vinculados a programas de activación para o emprego- neste caso trátase dos modelos de contrato para a mellora da ocupabilidade e para a inserción laboral (código 405 para contratacións a tempo completo), coas cláusulas específicas de contrato temporal de interese social ao abeiro do disposto na Orde do 26 de decembro de 2023, dende o 21 de maio de 2024 ata o 20 de febreiro de 2025, en réxime de dedicación a tempo completo de luns a venres, cunha retribución de 1.323,00 €/mes (incluídos tódolos conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).

**CUARTO.**- Publicar no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica web: <http://amerca.sedelectronica.gal>, a presente Resolución de contratación.

Mándaa e asínaa, o Sr. Alcalde-Presidente, don José Manuel Garrido Sampedro, na Merca, a data de sinatura electrónica. Dou fe, o Secretario, don Abel Camoira Louzao.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

